

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 19.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de abril de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

28346 (10/CPC-000047)

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 19354 (10/POC-004576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos ao uso e presenza da lingua galega no cinema, así como o cumprimento do disposto no Plan xeral de normalización lingüística ao respecto, as razóns da Xunta de Galicia para desligar as axudas públicas dirixidas ao cinema da súa realización en lingua galega e as medidas adoptadas e previstas para cambiar esta situación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

2.2 24008 (10/POC-003995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para promover a consideración, por parte das universidades galegas, da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 26017 (10/PNC-002001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a inclusión pola Dirección Xeral do Patrimonio da variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios ourensáns de Canedo-Beiro, no Programa de rehabilitación de vivendas nos camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

3.2 28237 (10/PNC-002218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, para o remate das obras e apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial, así como a posta en marcha pola Xunta de Galicia de todas as medidas ao seu alcance para concretar a súa remodelación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar, na data 11/04/2018 14:02:43

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30


Orde do día

1.1 28346(10/CPC-000047)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Política Lingüística para informar sobre "as actividades de promoción e dinamización da lingua galega".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Adxunto por CAMICIA SERRORÁNS ALVAREZ BUNCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 22/03/2018 09:07:45

CITE: 81/2008/OxM
Verificación: <https://sede.sxg.gal/verif>



Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 19354(10/POC-004576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos ao uso e presenza da lingua galega no cinema, así como o cumprimento do disposto no Plan xeral de normalización lingüística ao respecto, as razóns da Xunta de Galicia para desligar as axudas públicas dirixidas ao cinema da súa realización en lingua galega e as medidas adoptadas e previstas para cambiar esta situación

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 13:56
Nº Rexistro: 19354
Data envío: 24/10/2017 13:56:04.989

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o uso e presenza da lingua galega no cinema e as obrigas da Xunta de Galiza nesta materia.

No ano 1999 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade a Lei do audiovisual de Galiza que viña desenvolver o recollido no artigo 20 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística polo que se fixa como obriga do Goberno galego ‘fomentar a produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega’.

Neste contexto, a Lei 6/1999 reconece “a importancia cultural, económica e social das actividades cinematográficas e do audiovisual, do papel que poden desempeñar como creación artística, información, coñecemento e imaxe de Galiza, a prol da consecución da normalización cultural e lingüística de Galicia, polo que os consideran sector estratéxico e prioritario” (artigo 1.3). Esta lei atribúelle á Xunta de Galiza a obriga de promocionar e difundir a cultura galega e normalización da lingua galega, así como a defensa da identidade galega (artigo 4.b).

Esa obriga expresada na lexislación traducíuse no ano 2003 na convocatoria por parte da Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Cultura, dunha liña de axudas dirixidas ao “desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción

audiovisual en lingua galega” que, aliás, incorporasen persoas novas na realización. Esas axudas fixaban o uso do galego como condición *sine qua non* para acceder a elas. Progresivamente a focaxe destas axudas foron desvinculándose do idioma, así na convocatoria correspondente ao ano 2017 ese condicionante desaparece pasando apenas a ser un criterio máis entre aqueles puntuábeis na selección dos proxectos.

O resultado atopámolo nas catro edicións do catálogo Films From Galiza (2013-2017) elaborado pola AGADIC. Dos 48 filmes incluídos neste catálogo apenas 15 son en lingua galega. É máis, de acordo cos datos ofrecidos polo ICAA das películas realizadas entre os anos 2000 e 2015 no noso país menos do 25% foron realizadas en lingua galega fronte ao 66% en castelán.

Arredor do audiovisual e do cinema no 2004 o Parlamento de Galiza aprobou, tamén por unanimidade, o Plan Xeral de Normalización Lingüística. Entre as medidas a adoptar nos medios de comunicación e nas industrias culturais sitúase a promoción da dobraxe ao galego cando menos de 10 filmes anuais entre aqueles que presenten maiores expectativas comerciais.

Esta actuación incorporouse como unha medida de actuación concreta despois de constatar que existía, na altura, e aínda hoxe, unha ínfima ou residual presenza de filmes de son directo en galego, dobrados ou mesmo en Versión Orixinal Subtitulada ao Galego (VOSG) nas salas comerciais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 13:56
Nº Rexistro: 19354
Data envío: 24/10/2017 13:56:04.989

- Cal é o número anual de espectadoras e espectadores nas salas cinematográficas comerciais na Galiza? - Cantos filmes se proxectaron no último ano?
- Cantos filmes proxectados foran realizados na Galiza?
- Cantos contaban con axudas públicas da AGADIC?
- Cantos e cales deses filmes foron proxectados en lingua galega e/ou VOSG?
- Cantos deles foron dobrados ou subtulados atendendo a criterios de expectativas comerciais de acordo co disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística?
- Por que razón foron desligadas as axudas públicas dirixidas ao cinema da súa realización en lingua galega?
- Diante desta realidade, cre o Goberno galego que está a cumprir coas súas obrigas en materia de normalización lingüística no audiovisual e, nomeadamente, no cinema?
- Adoptou ou prevé adoptar algunha medida o Goberno galego para mudar esta situación?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 13:56
Nº Rexistro: 19354
Data envío: 24/10/2017 13:56:04.989

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2017 13:52:39

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2017 13:52:44

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2017 13:52:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2017 13:52:46

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2017 13:52:48

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2017 13:52:49

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 24008(10/POC-003995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para promover a consideración, por parte das universidades galegas, da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:29
Nº Rexistro: 24008
Data envío: 23/01/2018 18:29:26.981

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Formar en materia de xénero e de prevención da violencia machista especialmente entre o profesorado responsábel da educación das novas xeracións no ensino regrado é fundamental para avanzar colectivamente. Neste sentido, xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia do ensino. De feito, no artigo 14 recolle “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.”

Por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas, co conxunto sociedade como co propio profesorado é preciso esixir pero tamén facilitar elementos capacitadores para tal función. Neste sentido, débese garantir e mellorar a formación e capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial.

Desde o curso 2009-2010 impártese o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que deba incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista.

Neste sentido, a raíz dunha Proposición non de lei debatida no Pleno do Parlamento Galego o día 21 de novembro de 2017 o día 22 a Cámara acordou por unanimidade o seguinte acordo “O Parlamento de Galiza insta á Xunta a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos.”

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal foi a valoración do goberno galego da proposta aprobada polo Pleno? Desenvolveron avaliacións específicas os departamentos da Secretaría Xeral de Igualdade e da Consellaría de Ensino? En que termos?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para promover a consideración por parte das universidades galegas da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista? Con que resultado?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:29
Nº Rexistro: 24008
Data envío: 23/01/2018 18:29:26.981

-Estabeleceu contacto con algunha universidade privada para tal efecto? E coa UNED?

-Cal é a folla de ruta ao respecto que ten planificada o goberno galego?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2018 18:26:19

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2018 18:26:25

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2018 18:26:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:29
Nº Rexistro: 24008

Data envío: 23/01/2018 18:29:26.981

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2018 18:26:28

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2018 18:26:29

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2018 18:26:31

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 26017(10/PNC-002001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a inclusión pola Dirección Xeral do Patrimonio da variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios ourensáns de Canedo-Beiro, no Programa de rehabilitación de vivendas nos camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a, a prol de incluír a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios de Canedo-Beiro (de Ourense), dentro do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta destinará preto de 2,9 millón de € a axudas para rehabilitación de vivendas na área de rehabilitación dos Camiños de Santiago. O Diario Oficial de Galicia publicou o 24 de xaneiro de 2018 a Orde pola que se regulan e convocan as axudas. As subvencións poderán solicitarse ata o 31 de outubro de 2018.

As persoas beneficiarias destas axudas poden ser as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas que estean emprazadas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago e estean en posesión da correspondente resolución de cualificación definitiva outorgada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

As obras de rehabilitación deberán estar rematadas e cualificadas definitivamente antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes das axudas (31 de outubro). As que non cumpran estes requisitos poderán beneficiarse das axudas en posteriores convocatorias das mesmas, xa que na Ari dos Camiños de Santiago o prazo para solicitar a cualificación provisional (antes da finalización das obras) e a cualificación definitiva (unha vez rematadas as obras) está aberto permanentemente. Unicamente a solicitude das subvencións está sometida a unha



convocatoria anual como a que hoxe publica o DOG e cun período determinado para a solicitude da axuda.

O importe máximo da axuda será de 15.000 euros por vivenda, dos que 11.000 serán de financiamento estatal e non poderán cubrir ata o 35 por cento do orzamento e 4.000 de financiamento autonómico, co límite máximo do 10 por cento do orzamento. Os veciños e veciñas de Canedo e Beiro poderían optar e beneficiarse destas subvencións.

A delimitación da ARI comprende o trazado das setes rutas do camiño en Galicia:

- Francés. Dende Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela
- Da Prata I. Dende A Mezquita ou Verín ata Ourense e da Prata II. Dende Ourense ata Santiago de Compostela
- Inglés. Dende Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela
- Primitivo. Dende A Fonsagrada ata Melide que conecta co Camiño Francés
- Norte. Dende Ribadeo ata Arzúa que conecta co Camiño Francés
- Fisterra-Muxía. Dende Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía
- Portugués. Dende Tui a Santiago de Compostela

A de 2018 é a cuarta convocatoria de axudas da ARI dos concellos de Santiago. Ao abeiro das tres anteriores xa se rehabilitaron 275 vivendas, con axudas de máis de 1,6 millóns de euros.

A área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago comprende 445 parroquias de 107 concellos das catro provincias galegas. Nas zonas de carácter rural o ámbito da área de rehabilitación comprende a totalidade da parroquia, de



maneira que todas as vivendas da mesma que cumpran os requisitos poden beneficiarse das axudas establecidas. Nas zonas urbanas o ámbito da ARI restrínxese ao trazado do Camiño.

En marzo de 2017, anunciouse que a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, estaba realizando unha nova delimitación do Camiño de Santiago para incluír Canedo e Beiro na vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe. O alcalde de Ourense afirmou que a Xunta de Galicia estaba traballando para incluír no seu trazo estes dous núcleos, atendendo unha vella reivindicación.

Se até o de agora a veciñanza non pode acceder ás axudas do Programa de Rehabilitación de Vivendas que promove e xestiona o Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, é porque en 1995 só se recoñeceu unha ruta oficial do Camiño por Cudeiro, deixando fóra a zona de Beiro. A nova delimitación permitirá incluír ou definir as dúas cos seus respectivos nomes e recoñecendo iguais dereitos.

A moción de Ourense en Común, de requirir este cambio de delimitación, aprobouse por unanimidade xa en xuño de 2016 (Pleno Ordinario 03-06-2016. Moción 6.13). E modificouse o 17 de xaneiro de 2018.

ACORDO:

1. O Pleno municipal do concello de Ourense acorda instar ao goberno municipal para que, en colaboración co órgano da administración local e autonómica competentes, proceda a incluír a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios de Canedo-Beiro, dentro do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 13:35
Nº Rexistro: 26017
Data envío: 12/02/2018 13:35:11.921



O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte ACORDO: Aprobar a moción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- O Parlamento galego insta a Xunta a que inste a Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, para que delimite e inclúa a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios de Canedo-Beiro, dentro do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/02/2018 13:33:01

Luca Chao Pérez na data 12/02/2018 13:33:06

Luis Villares Naveira na data 12/02/2018 13:33:13

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 19.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 28237(10/PNC-002218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, para o remate das obras e apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial, así como a posta en marcha pola Xunta de Galicia de todas as medidas ao seu alcance para concretar a súa remodelación

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A sede do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é un dos poucos exemplos que se conserva en Galicia do románico civil. Este espazo declarado monumento histórico artístico en 1931, está situado no edificio do antigo Pazo Episcopal, no centro histórico da cidade. O conxunto está en remodelación dende hai máis de quince anos por mor dunhas obras de rehabilitación que se demoran no tempo. Os servizos do museo trasladáronse ao edificio Santa María de Europa, na Carballeira, onde non están á vista do público en xeral senón só para a consulta de xornalistas e investigadores, no que se almacenan algunhas das coleccións, excepto unha selección da escultura máis representativa, que se mostra permanentemente na sala de exposicións San Francisco.

Daquelas, díxose que a obra estaría rematada para o 2003, sen embargo nin sequera a día de hoxe está adxudicada, e soamente se avanzou escollendo un proxecto no verán do 2015, mediante un concurso de ideas.

Ata o de agora só podemos destacar que se iniciou a tramitación da modificación do plan urbanístico (PEPRI), o pasado mes de outubro, que regula o casco vello da cidade para poder executar a reforma do arqueolóxico, co que xa se dá conta do estado no que se atopa o proxecto.

Pola súa banda, todo parece indicar que, sexa polos titulares do edificio, Goberno de España, ou polos que o xestionan en exclusiva, Xunta de



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Galicia, o museo máis importante da provincia de Ourense segue co peche botado. A desidia e o desleixo das distintas administracións durante todos estes anos, con sucesivos recortes e execucións parciais do orzamento cultural destinado a Ourense, fixeron o resto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que nos vindeiros orzamentos xerais do Estado se consigne a cantidade suficiente para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, no que se refire ao Museo Arqueolóxico Provincial para rematar as obras e abrilo ó público o antes posible.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha todas as medidas ao seu alcance para que se concrete unha remodelación que se demora por máis de 15 anos, e que impide a apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28237
Data envío: 20/03/2018 19:34:47.680



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 19:28:32

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 19:28:39

María de la Concepción Burgo López na data 20/03/2018 19:28:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2018 19:28:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 19:28:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia
